



REHABILITACIÓN

Vanse substituír as cubertas do Palacio de Congressos e do Pazo de Raxoi

Na Comisión Executiva e Consello de Administración aprobouse a substitución das cubertas do **Palacio de Congressos** (1.623.090 €) e do **Pazo de Raxoi** (941.048,41 €) para solventar as filtracións da auga da chuva. Ademais, vaise modificar o proxecto de adecuación da ala sur do **conxunto de San Domingos de Bonaval** para uso do Museo do Pobo Galego (3.077.889,26 €).



Aprobouse unha nova convocatoria de subvencións destinadas á adecuación dos **locais comerciais** da cidade histórica de Santiago, vencelladas á recuperación económica trala covid-19, cun importe global de 120.000 €. A finalidade destas axudas é apoiar ao comercio na súa adaptación ás esixencias da nova normalidade, a accesibilidade e eficiencia enerxética dos locais, mellorando a súa imaxe exterior e o seu acondicionamento interior, xunto á instalación das medidas de protección necesarias contra a covid-19.

Tamén se aprobou a proposta do servizo de xestión do **lousado** do ámbito intramuros da cidade histórica no proceso de implantación da fibra óptica, con 248.534 €. Trátase de garantir o correcto levantamento e posterior recolocación das lousas de pedra do pavimento histórico afectadas polo novo trazado.

EXPOSICIÓNS

A Casa do Cabido reabre as súas portas, con novas medidas para garantir a seguridade dos visitantes

A Casa do Cabido acaba de abrir as súas portas logo de permanecer pechada durante catro meses debido á crise sanitaria provocada pola covid-19. Sinalouse todo o percorrido da visita, que agora deberá comezar na última planta e ir descendendo cara á planta baixa, seguindo a sinalética do chan. E, co fin de que a xente non se cruce durante a visita, a entrada e a saída deben realizarse por portas diferentes desde a praza das Praterías.

Acolle ata setembro a exposición *"Des_facendo o xénero (a través da arte)"*, un conxunto de obras plásticas e textos literarios que propoñen romper coas identidades de xénero. Pode visitarse de martes a sábado de 10-14 e de 17-21 horas, e os domingos de 11-14 horas. Os luns a Casa do Cabido está pechada ao público.



MÚSICA

"Feliz aniversario, Beethoven!"

A Real Filharmonía de Galicia está a realizar estes días unha serie de gravacións que inclúen obras de Beethoven -en particular as súas Sinfonías-, Mozart e dos compositores galegos Xabier de Paz e Octavio Vázquez.

No marco das festas dos Apóstolo, a RFG ofrece un concerto na praza da Quintana o 30 de xullo baixo o título "Feliz aniversario, Beethoven!", unha viaxe pola súa música e a súa vida no 250º aniversario do seu nacemento. A batuta levaraa Paul Daniel e a actriz María Vázquez será a presentadora.

A orquestra abrirá o "VII Festival de Música Bal y Gay" na catedral de Mondoñedo, o 12 de agosto, dirixida por Maximino Zumalave. Interpretará obras do compositor homenaxeado e tamén de Mozart, Bal y Gay e Mendelssohn.

